

2.3. Desenvolvemento do tecido empresarial

AO LONGO DO ÚLTIMO ANO RALENTIZOUSE O RITMO DE CREACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA, CONSTITUÍNDOSE UN TOTAL DE 6.633 sociedades mercantís, un 4,9% menos que no ano anterior, o que representa o 4,7% das sociedades constituídas en España. En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes en Galicia foi de 23,8, sete menos que a media española. O número de sociedades disoltas en Galicia medrou ata as 743 empresas, 234 máis que en 2006, o que representa o 5,5% das acontecidas no conxunto do Estado.

En 2007 rexistrouse un forte incremento da porcentaxe da poboación adulta que manifesta estar involucrada en iniciativas empresariais, así como de iniciativas consolidadas. Non obstante, os datos reflicten que fronte a este positivo dinamismo, e a diferenza do acontecido noutras CC.AA., decrece o potencial emprendedor de Galicia.

Xunto ás características da estrutura económica e financeira das empresas galegas analizadas no capítulo 1.4 **Agregados da renda**, no ano 2006 había en Galicia un total de 654 empresas gacela, cun crecemento medio dos seus ingresos do 56,9% no período 2004-06, e 234 empresas de alto rendemento, que presentan unha rendibilidade económica media superior ao 36% en cada un dos tres anos analizados.

No concernente ás empresas de economía social, o número de sociedades cooperativas e laborais a 31 de decembro de 2007 acadou, en conxunto, a 1.968 sociedades, o 4,3% das sociedades en España. O 1,2% da poboación ocupada galega traballa nestes sociedades (13.805 persoas), sendo esta porcentaxe do 2,2% no conxunto do Estado.

Estrutura empresarial

O número de empresas activas en Galicia medrou en 2007 un 1,7% respecto ao ano anterior, situándose nas 203.374 (datos referidos a 1 de xaneiro de 2008), o que representa o 5,9% do total de empresas activas nese período no conxunto estatal. De novo, o

Empresas existentes nas CC.AA. a 1/1/2007 e 1/1/2008

	1/1/07		1/1/08		Incremento	
	CA / total	(%)	CA / total	(%)		(%)
Andalucía	511.728	15,3	522.815	15,3	11.087	2,2
Aragón	92.162	2,8	94.931	2,8	2.769	3,0
Asturias	72.276	2,2	73.124	2,1	848	1,2
Baleares	91.254	2,7	93.335	2,7	2.081	2,3
Canarias	140.414	4,2	143.471	4,2	3.057	2,2
Cantabria	39.560	1,2	40.393	1,2	833	2,1
Castela-A Mancha	132.906	4,0	137.823	4,0	4.917	3,7
Castela e León	170.319	5,1	173.209	5,1	2.890	1,7
Cataluña	612.404	18,4	626.020	18,3	13.616	2,2
C. Valenciana	368.586	11,0	376.093	11,0	7.507	2,0
Extremadura	66.232	2,0	67.852	2,0	1.620	2,4
Galicia	200.020	6,0	203.374	5,9	3.354	1,7
A Coruña	82.873	2,5	84.220	2,5	1.347	1,6
Lugo	24.609	0,7	25.035	0,7	426	1,7
Ourense	23.520	0,7	23.711	0,7	191	0,8
Pontevedra	69.018	2,1	70.408	2,1	1.390	2,0
Madrid	503.000	15,1	519.307	15,2	16.307	3,2
Murcia	97.374	2,9	100.075	2,9	2.701	2,8
Navarra	43.142	1,3	43.847	1,3	705	1,6
País Vasco	164.431	4,9	175.303	5,1	10.872	6,6
A Rioxa	23.404	0,7	23.834	0,7	430	1,8
Ceuta e Melilla	7.445	0,2	7.433	0,2	- 12	-0,2
Total	3.336.657	100	3.422.239	100	85.582	2,6

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.1.

1.1.

1.2.

incremento do número de empresas en Galicia foi, en termos porcentuais, inferior ao rexistrado no conxunto do Estado: 1,7% e 2,6%, respectivamente.

1.3.

1.4.

Comparada coas outras comunidades autónomas, **cadro 2.3.1.**, Galicia segue a ser a quinta comunidade con maior número de empresas tras Cataluña (acolle o 18,3% das empresas españolas), Andalucía (o 15,3%), Madrid (o 15,2%) e a C. Valenciana (11%).

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

Un ano máis, a provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas activas. A 1 de xaneiro de 2008, o número de empresas activas ascendía a 84.220 (o 41,4% do total de empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 70.408 empresas (34,6%). A presenza empresarial en Lugo e Ourense ascende, na devandita data, a 25.035 (12,3%) e 23.711 (11,7%) empresas, respectivamente. En relación ao ano anterior, as catro provincias experimentan unha medra do número de empresas existentes, rexistrándose a máis acusada en Pontevedra, cun crecemento do 2% (1.390 empresas).

2.3.

3.1.

3.2.

O número de empresas por cada mil habitantes segue sendo en Galicia inferior á media estatal. No derradeiro ano había en Galicia un total de 73 empresas activas por cada mil habitantes, unha menos que no conxunto do Estado. A Coruña e Pontevedra presentan unha densidade empresarial similar á media galega, por diante de Ourense, con 71 sociedades por cada mil habitantes, e Lugo, con 70 sociedades.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

A distribución segundo grandes sectores da súa actividade principal non presenta grandes diferenzas en relación á media estatal. O sector servizos acolle máis de tres cuartas partes das empresas activas (o 77,5% das empresas galegas), 157.651 empresas (55.592 pertencentes ao subsector comercio), fronte ás 30.539 empresas do sector da construción (un 15%) e 15.184 empresas industriais (7,5%). Sen embargo, a diferenciación entre actividades comerciais e resto dos servizos reflicten que a representatividade do comercio en Galicia é 2,7 puntos superior á media estatal, ao contrario do que acontece no caso do resto dos servizos (3,4 puntos porcentuais superior en España).

4.1.

4.2.

Se se considera a participación das empresas galegas sobre o total das españolas, o seu peso relativo foi do 5,9%, situándose esta porcentaxe no 6,1% no caso da construción, no 6,2% do conxunto das actividades do sector industrial e o 6,6% das actividades comerciais (a importancia das empresas de servizos no seu conxunto foi do 5,6%).

Empresas existentes a 1/1/2007 e 1/1/2008: distribución segundo ramas de actividade

	1/1/2007		1/1/2008		Incremento	
	Galicia	España	Galicia/ España	España	Galicia	España
Sector industrial	15.120	244.359	6,2	245.588	6,2	1.229
Industrias extractivas	416	2.988	13,9	2.964	13,7	-24
Extracción de productos enerxéticos	5	173	2,9	174	2,3	1
Extracción de minerais metálicos	5	57	8,8	59	8,5	2
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	406	2.758	14,7	397	2.731	-27
Industria manufacturadora	14.401	234.421	6,1	14.382	232.628	-19
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	2.586	31.549	8,2	2.571	31.158	-15
Industria téxtil e da confección	1.729	22.397	7,7	1.683	21.102	-46
Industria do coiro e do calzado	61	6.017	1,0	61	5.690	0
Industria da madeira e da cortiza	1.637	16.987	9,6	1.564	16.522	-73
Ind. do papel; edición, artes gráficas e reprodución soportes grabados	1.150	27.813	4,1	1.173	28.027	23
Industria química	163	4.552	3,6	161	4.447	-2
Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	216	5.907	3,7	213	5.848	-3
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1.067	12.483	8,5	1.083	12.412	16
Metallería e fabricación de produtos metálicos	2.591	47.780	5,4	2.632	48.602	41
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	659	15.322	4,3	662	15.581	3
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	523	11.282	4,6	513	11.292	-10
Fabricación de material de transporte	534	5.044	10,6	558	5.129	24
Fabricación de mobles	1.477	27.022	5,5	1.498	26.534	-21
Outras industrias manufacturadoras	8	266	3,0	10	284	2
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	303	6.950	4,4	396	9.996	93
Produción e distribución enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	288	5.720	5,0	378	8.721	90
Captación, depuración e distribución de auga	15	1.230	1,2	18	1.275	3
Construción	29.716	488.408	6,1	30.539	501.056	823
Sector servizos	155.184	2.603.890	6,0	157.651	2.675.595	2.467
Actividades comerciais por xunto e polo miúdo	56.248	845.229	6,7	55.582	843.212	-666
Hostalería	21.795	287.055	7,6	21.403	288.914	-392
Transporte, almacenamento e comunicacións	14.029	243.868	5,8	14.021	247.439	-8
Intermediación financeira	4.131	60.830	6,8	4.386	64.690	255
Act. inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais	35.789	764.619	4,7	37.984	809.882	2.195
Educación	3.887	64.324	6,0	4.096	67.881	209
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	6.773	126.544	5,4	7.058	131.658	285
Outras act. sociais e de servizos á comunidade; servizos persoais	12.552	211.421	5,9	13.111	221.919	579
Total	200.020	3.336.657	6,0	203.374	3.422.239	3.354
			5,9			85.582

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.2.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Empresas existentes en Galicia e España 2007: distribución segundo tamaño das empresas (1)

	Total	Galicia			España	Galicia / España	
		A Coruña	Lugo	Ourense			Pontevedra
Sen asalariados	100.126	43.314	12.166	12.103	32.543	1.754.374	5,7
De 1 a 2 asalariados	61.904	24.630	7.828	7.284	22.162	958.711	6,5
De 3 a 5 asalariados	21.512	8.273	2.841	2.418	7.980	345.848	6,2
De 6 a 9 asalariados	9.213	3.666	1.100	916	3.531	160.460	5,7
De 10 a 19 asalariados	5.886	2.341	667	576	2.302	110.369	5,3
De 20 a 49 asalariados	3.317	1.346	325	290	1.356	61.709	5,4
De 50 a 99 asalariados	821	358	67	77	319	16.242	5,1
De 100 a 199 asalariados	340	162	30	23	125	8.061	4,2
De 200 a 499 asalariados	183	92	5	16	70	4.511	4,1
De 500 a 999 asalariados	34	16	5	3	10	1.117	3,0
De 1.000 a 4.999 asalariados	33	19	1	5	8	725	4,6
Máis de 5.000 asalariados	5	3	0	0	2	112	4,5
Total	203.374	84.220	25.035	23.711	70.408	3.422.239	5,9

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2008
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.3.

Os tres grandes sectores económicos experimentan unha ralentización na medra do número de empresas activas en 2007, rexistrándose os incrementos máis acusados no sector servizos, con 2.467 empresas máis, mentres que na construción a medra foi de 823 empresas e no conxunto das actividades industriais, de tan só 64 empresas. En termos relativos, o sector da construción volveu a presentar os maiores crecementos, cun 2,8% respecto ao ano anterior, por diante do acontecido nos servizos, co 1,6% e da industria, cun 0,4%.

Se se considera o número de traballadores en plantilla como indicador do tamaño das empresas, **cadro 2.3.3.**, os datos do Dirce amosan que case a metade das empresas galegas (49,2% das empresas) son empresas sen asalariados (100.126 firmas), fronte ao 51,3% no ámbito estatal. A meirande parte das empresas, o 94,8% teñen menos de 10 empregados (micro-empresas), en tanto que a porcentaxe de medianas e grandes empresas –máis de 50 traballadores– sitúase no 0,7%.

Ao longo do ano 2007 o volume total de empresas medrou tanto no caso das empresas sen asalariados (1.279 empresas máis) como no das empresas con asalariados (con 2.075 empresas). Ao igual que no ano anterior, o número de empresas con asalariados medra en Galicia nos tres grandes grupos considerados: no de micro empresas (1.685 empresas), nas pequenas empresas (314 empresas) e nas medianas e grandes empresas (76 empresas máis).

No último ano a medra do número de micro empresas, pequenas e medianas empresas rexístrase nas catro provincias galegas. Asemade, cómpre salientar que A Coruña volve a presentar o maior número de empresas nos diferentes estratos considerados.

Se a aproximación ao tamaño medio da empresa se fai a través do cociente do número de traballadores afiliados á Seguridade Social no réxime xeral e nos réximes da minería do carbón e de autónomos entre o número de empresas, obsérvase que a dimensión media de empresa galega, así como a dimensión das empresas nas catro provincias galegas, é inferior á media estatal. O número medio de traballadores nas empresas galegas consideradas no Dirce segue sendo de 4,8 traballadores fronte aos 5,2 traballadores de media en España.

Pontevedra, con 5 traballadores por empresa, e A Coruña, con 4,9 traballadores, presentan un tamaño medio superior ao rexistrado para o conxunto de Galicia. En Ourense e Lugo o tamaño medio das empresas activas sitúase en 4,4 e 4,3 traballadores, respectivamente.

Se se consideran só as empresas con asalariados, que representan pouco máis da metade do tecido empresarial segundo os datos do Dirce, este indicador, onde non se

Empresas existentes 2007 ⁽¹⁾: distribución segundo a súa condición xurídica

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	España	G/E (%)
Persoas Físicas	49.080	15.668	14.557	37.486	116.791	1.857.931	6,3
Sociedades anónimas	1.682	310	459	1.548	3.999	113.130	3,5
Sociedades de Responsabilidade Limitada	25.461	6.756	6.823	25.878	64.918	1.145.398	5,7
Sociedades colectivas	8	-	1	3	12	333	3,6
Sociedades comanditarias	-	-	-	-	-	93	-
Comunidades de bens	965	1.637	312	3.030	5.944	113.378	5,2
Sociedades Cooperativas	382	160	108	290	940	24.516	3,8
Asociacións e outros tipos	6.484	445	1.391	2.060	10.380	158.730	6,5
Organismos autónomos e outros	158	59	60	113	390	8.730	4,5
Total	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	5,9

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2008
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.4.

inclúen os traballadores autónomos, amosa tamén unha menor dimensión nas empresas galegas (7,6 traballadores en Galicia fronte aos 8,8 traballadores de media no conxunto do Estado). Ao igual que para o conxunto de empresas, esta menor tamaño medio preséntase nas catro provincias galegas.

Os datos do Dirce reflicten o predominio da condición xurídica de persoas físicas, que representa, **cadro 2.3.4.**, o 57,4% do total de empresas existentes en Galicia (116.791 empresas), fronte ao 31,9% (64.918 empresas) das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2% (3.999 empresas) no caso das sociedades anónimas. Comparado co total estatal, o peso relativo das persoas físicas é do 6,3% e o das SRL do 5,7%, sendo a importancia relativa das sociedades anónimas, do 3,5%.

En relación ao ano anterior, o incremento no número de empresas existente ven explicado, fundamentalmente, pola medra das SRL, con 3.730 empresas máis. O número de empresas coa condición xurídica "asociacións e outros tipos" o fai en 695 e o de comunidade de bens, en 194 empresas. Pola contra, no último ano hai 1.166 empresas activas menos coa condición xurídica "persoas físicas".

As catro provincias galegas presentan unha medra do número de sociedades de responsabilidade limitada, "comunidade de bens" e asociacións e outros tipos. De xeito contrario, redúcese en todas as provincias o número de empresas "persoas físicas" e sociedades anónimas.

Dinámica empresarial

Galicia experimentou ao longo do último ano unha ralentización no seu proceso de creación empresarial, con 344 empresas constituídas menos que no ano anterior. En 2007 constituíronse en Galicia 6.633 sociedades mercantís, o 4,7% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do Estado, situándose, tras Madrid, Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, que acollen case o 65% das sociedades constituídas nese ano, como a quinta comunidade autónoma co maior número de sociedades creadas (**cadro 2.3.5.**).

Por contra, o capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas ascendeu a 881,5 millóns de euros, dos que foron desembolsados un total de 714,2 millóns de euros. En termos relativos, Galicia acolleu o 6,4% do capital subscrito e o 5,7% do desembolsado en España.

Os datos do Rexistro mercantil amosan a concentración da actividade empresarial en Pontevedra e A Coruña, que acollen o 80,1% das sociedades constituídas en Galicia. As catro provincias galegas rexistran no último ano unha caída do número de constituicións, salientando as de A Coruña, con 157 sociedades menos en relación ao ano anterior, e

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas nas CC.AA. 2007

	Sociedades creadas		Sociedades que amplían capital		Sociedades disoltas número
	número	Capital	número	Capital	
Andalucía	23.004	1.737.970	6.308	3.589.322	2.929
Aragón	3.706	314.539	1.315	858.937	639
Asturias	2.024	130.031	683	328.927	354
Baleares	4.296	191.855	1.262	896.458	891
Canarias	5.167	181.655	2.143	937.243	751
Cantabria	1.229	61.972	349	375.708	198
Castela e León	5.661	336.403	1.896	1.040.671	828
Castela - A Mancha	5.880	265.174	1.783	953.836	459
Cataluña	25.446	1.956.365	9.581	9.958.185	2.557
C. Valenciana	16.354	727.487	4.493	8.032.516	1.783
Extremadura	2.322	154.657	562	153.509	259
Galicia	6.633	881.489	1.900	1.344.259	977
A Coruña	2.573	695.677	795	882.857	389
Lugo	685	22.366	188	54.582	110
Ourense	632	27.905	174	44.299	92
Pontevedra	2.743	135.541	743	362.521	386
Madrid	27.237	5.463.546	10.107	21.333.063	3.833
Murcia	4.602	396.464	1.248	1.071.976	180
Navarra	1.781	114.328	708	824.885	61
País Vasco	5.668	690.798	1.898	4.719.459	1.022
A Ríoxa	842	70.943	264	204.900	125
Ceuta e Melilla	114	1.190	36	16.640	26
Total	141.966	13.676.866	46.536	56.640.494	17.872

Fonte: INE

2.3.5.

Sociedades constituídas en Galicia e España: 2006-07: distribución segundo forma xurídica e capital subscrito e desembolsado

	Galicia		España		Galicia/España	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007
	(en miles de €)				(%)	
Total						
nº sociedades	6.977	6.633	147.721	141.986	4,7	4,7
Capital subscrito (en miles de €)	405.325	881.489	10.545.618	13.676.882	3,8	6,4
Capital desembolsado (en miles de €)	387.281	714.247	9.833.658	12.428.308	3,9	5,7
Sociedades anónimas						
nº sociedades	86	70	2.099	1.923	4,1	3,6
Capital subscrito (en miles de €)	50.270	442.653	2.800.366	3.446.137	1,8	12,8
Capital desembolsado (en miles de €)	32.227	275.411	2.088.401	2.197.560	1,5	12,5
Sociedades limitadas						
nº sociedades	6.890	6.563	145.604	140.049	4,7	4,7
Capital subscrito (en miles de €)	355.051	438.835	7.742.996	10.230.307	4,6	4,3
Capital desembolsado (en miles de €)	355.051	438.835	7.742.996	10.230.307	4,6	4,3

Fonte: INE

2.3.6.

Lugo, con 92 empresas menos. En termos relativos destaca Ourense, cun descenso do 11,8%, sendo este superior ao 7% en A Coruña e Ourense, e do 1,9% en Pontevedra.

Se se considera como indicador da taxa de creación de empresas a ratio “número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes”, Galicia acada un valor de 23,8 sociedades, moi por baixo da media estatal que se sitúa nas 30,8 sociedades constituídas por cada dez mil habitantes. Comparado co resto das CC.AA., Galicia tan só se sitúa por diante de Asturias, Cantabria, Castela e León e Extremadura.

Pontevedra volve a ser a única provincia cunha ratio superior á media galega, con 28,8 sociedades constituídas por cada dez mil habitantes, seguida por A Coruña, con 22,6 sociedades. A relación máis baixa foi a de Ourense, con 18,8 sociedades por cada dez mil habitantes, situándose en Lugo en 19,3 sociedades.

A actividade emprendedora en Galicia 2006-07

	2006		2007		07/06
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)
Actividade emprendedora en fase incipiente	103.848	5,9	134.685	7,6	29,7
Iniciativas nacentes	51.478	2,9	62.372	3,5	21,2
Iniciativas novas	52.370	3,0	72.313	4,1	38,1
Emprendedores incipientes	171.181	-	238.853	-	39,5
Emprendedores nacente	83.156		117.808		41,7
Emprendedores novos	88.025		121.045		37,5
Empresas consolidadas	113.694	6,5	146.966	8,3	29,3
Iniciativas que pecharon ou cesaron	41.119	2,3	17.989	1,0	-56,3
Emprendedores potenciais	155.469	8,9	110.549	6,3	-28,9

Fonte: Informe GEM-Galicia

2.3.7.

En 2007 disolvéronse en Galicia un total de 977 empresas, 234 máis que no ano anterior, o que representa o 5,5% das acontecidas en España (6,8% en 2006). Se se considera o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións, en Galicia disolvéronse un total de 15 empresas por cada cen empresas constituídas, fronte ao 13,1 empresas no conxunto do Estado. Comparado cos valores rexistrados no ano anterior, cómpre salientar que esta ratio medrou en Galicia catro puntos porcentuais, sendo este crecemento de cinco puntos no conxunto do Estado.

As catro provincias galegas experimentan un incremento no número de empresas disoltas, salientando Pontevedra, cunha medra de 129 empresas. O índice de rotación presenta un valor superior á media española nas catro provincias, situándose en Lugo nas 16 empresas disoltas por cada cen empresas constituídas fronte ás 15 sociedades de A Coruña e Ourense, e as 14 de Pontevedra.

Actividade emprendedora

Directamente relacionado coa dinámica empresarial, é interesante analizar a actividade emprendedora en Galicia e as súas principais características. Os datos publicados no Informe GEM Galicia 2007 reflicten un forte incremento da porcentaxe de poboación adulta que manifesta estar involucrada en iniciativas de creación de empresas inferiores aos 42 meses de vida (índice TEA), que se sitúa no 7,6% fronte ao 5,9% do ano anterior. Este incremento traduciuse na posta en marcha de 134.685 novas iniciativas emprendedoras que implican a 238.853 emprendedores, case un 39% máis que o estimado no informe do ano anterior.

Xunto ao incremento de novas iniciativas, e a pesar de que a meirande parte dos emprendedores afirman non ter experiencia previa no mundo empresarial, no ano 2007 rexistrouse unha medra da porcentaxe de empresas consolidadas, que se sitúa nas 146.966, un 8,3% da poboación adulta (6,5% no ano precedente). Fronte a este dinamismo positivo, e a diferenza do que acontece noutras CC.AA., decrece o potencial emprendedor de Galicia ata o 6,3%.

A reducida dimensión das iniciativas emprendedoras de Galicia segue sendo a súa característica xeral, xa que a meirande parte das iniciativas son microempresas (93,7%). Asemade, detéctase unha redución do tamaño medio das iniciativas emprendedoras en relación cos datos dos anos anteriores.

En relación ao perfil socioeconómico do emprendedor, de xeito similar ao recollido nos informes anteriores, os emprendedores galegos son maioritariamente homes (58,4%), cunha idade media de 38 anos, cun nivel de estudos de FP ou universitarios (29,5% e 27%, respectivamente), establecidos en núcleos urbanos (85%) e con dedicación a tempo completo ao seu negocio (90,5%). Sen embargo, cómpre salientar tanto o aumento da partici-

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

pación dos inmigrantes como a evolución crecente da muller na actividade emprendedora, cun índice TEA do 6,3% en 2007, aínda que moi por baixo do TEA masculino, que foi do 9%.

Trazos de competitividade das empresas galegas

Unha vez analizada a estrutura económica e financeira da empresa galega no punto **1.4.- Agregados da renda**, este apartado céntrase nos seus trazos de competitividade. Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, que considera as empresas que teñen a súa sede social en Galicia, unha facturación superior a 60.000 euros en 2006, que cumpren coas súas obrigacións rexistras e se dispón de datos para tres anos consecutivos (2004-2006), á hora de analizar a competitividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento, empresas xeradoras de riqueza e empresas de alta produtividade.

Das 15.315 empresas que cumpren os criterios mencionados (exclúense as empresas financeiras pola súa peculiaridade), un total de 654 empresas son consideradas empresas gacela (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ao longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Destas empresas, 139 multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, e 40 empresas o fan por máis de cinco. O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, do 56,9% no período 2004-2006.

Atendendo á desagregación segundo sectores, o **cadro 2.3.8.** reflicte que case sete de cada dez empresas gacela consideradas por Ardán pertencen aos sectores da construción, fabricantes e comercio por xunto. No grupo das actividades de construción salientan os contratistas xerais, os promotores de obras, fontanería, calefacción e aire acondicionado e instalacións eléctricas. No grupo da distribución por xunto, cómpre destacar, polo seu número, as empresas do sector de distribución de peixes e mariscos e o de materiais para a construción, namentres que entre as actividades relacionadas coa fabricación salientan os traballos de carpintería metálica e industrias da pedra e construción e reparación de buques.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 234 empresas de alto rendemento (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ao 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 2004, 2005 e 2006 do 38,8%, 38,7% e o 36,6%, sucesivamente. A meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de servizos, que acollen o 34,6% das empresas consideradas de alto rendemento, e as de fabricación, co 17,9%. No primeiro caso salientan as oficinas técnicas de enxeñería e arquitectura, a asesoría e relacións públicas de empresas e os servizos comerciais. No segundo caso, cómpre salientar os traballos das imprentas comerciais-textos e os de carpintería metálica.

En relación ás empresas xeradoras de riqueza (aquelas que crean un valor positivo para o accionista no trienio 2004-06, o seu valor engadido bruto de 2004 debe ser superior aos 150.000 euros, e rexistran crecemento do VEB superior ao 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 103 empresas, emprazadas principalmente nos sectores de fabricación e construción, que acollen máis da metade das mesmas. Entre as actividades de fabricación salientan as relacionadas coa maquinaria e equipo industrial, cos produtos confeccionados de téxtiles e fabricación de estruturas metálicas, mentres que no caso do grupo da construción, pódense salientar as de contratistas xerais ou promotores de obras.

Finalmente, hai que considerar un total de 252 empresas de alta produtividade (aquelas que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudio), emprazadas principalmente nas actividades de construción, distribución por xunto e fabricantes, que acollen case as dúas terceiras partes das empresas consideradas.

Trazos de competitividade das empresas galegas 2006

	E. Gacela (1)		E. alto rendemento (2)		E. xeradoras de riqueza (3)		E. alta produtividade (4)		E. exportadoras		Certificación calidade	
	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)
Construción	218	33,3	36	15,4	24	23,3	74	29,4	232	11,2	263	18,5
Fabricantes	119	18,2	42	17,9	28	27,2	48	19,0	774	37,4	514	36,1
Maioiristas	117	17,9	39	16,7	17	16,5	43	17,1	571	27,6	195	13,7
Detallistas	60	9,2	18	7,7	12	11,7	32	12,7	176	8,5	98	6,9
Servizos	71	10,9	81	34,6	9	8,7	32	12,7	82	4,0	163	11,5
Transportes, comunicacións e servizos públicos	51	7,8	17	7,3	10	9,7	18	7,1	130	6,3	153	10,8
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	12	1,8	-	-	1	1,0	3	1,2	51	2,5	13	0,9
Minaría	6	0,9	1	0,4	2	1,9	2	0,8	53	2,6	23	1,6
Total	654	100	234	100	103	100	252	100	2.069	100	1.422	100

(1) aquela empresa que presenta un crecemento sostido dos ingresos de explotación por riba do 25% ao longo de tres anos consecutivos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, un VEB mínimo de 50.000 euros e crecendo ao menos un 10% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.

Fonte: Ardán

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.**
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Trazos de competitividade das empresas galegas 2005: distribución segundo comarcas

	Empresa gacela	Alto rendimento	Xeradoras riqueza	Alta produtividade	Exportadoras	Emp. con certificación	Empresas analizadas
Vigo	141	46	32	59	605	380	3.165
A Coruña	131	94	30	64	361	286	2.715
Santiago	35	22	3	16	134	91	982
Ourense	32	12	4	15	117	79	904
Pontevedra	33	4	5	9	96	55	740
O Salnés	26	9	1	10	101	40	723
Lugo	29	6	3	12	73	66	700
Ferrol	24	9	6	8	58	72	526
O Baixo Miño	19	4	1	5	46	21	342
A Barbanza	14	4	1	6	40	22	338
O Morrazo	11	1	3	3	34	23	337
Bergantiños	10	3	2	9	23	23	327
Deza	10	-	-	3	32	32	266
O Condado	15	2	-	1	32	20	260
Caldas	9	-	1	3	25	13	204
Valdeorras	5	-	2	1	39	12	182
A Mariña Central	16	4	1	2	12	18	170
Ordes	5	2	1	3	18	19	167
Betanzos	4	3	1	3	24	14	152
Terra Chá	8	1	-	1	12	12	141
A Mariña Occidental	9	-	3	3	11	13	131
Tabeirós-Terra de Montes	7	-	-	-	7	9	129
Noia	1	-	-	1	4	6	126
O Eume	6	1	-	4	20	12	122
Sarria	5	-	-	-	6	5	120
O Sar	4	-	1	1	16	7	117
Verín	3	-	-	2	9	2	111
O Carballiño	7	-	-	-	13	7	103
Terra de Lemos	2	2	-	2	11	9	81
A Limia	2	-	-	-	13	4	80
Terra de Soneira	3	-	-	1	6	7	80
A Mariña Oriental	2	-	-	1	7	5	78
Fisterra	6	1	-	1	3	2	67
Arzúa	1	-	-	-	10	6	61
O Ribeiro	1	1	-	-	9	3	58
Xallas	3	1	-	1	6	4	57
Terra de Celanova	2	-	-	-	1	4	48
Terra de Melide	2	1	-	1	4	-	48
Ortegal	1	-	-	-	5	4	47
Chantada	2	-	-	-	4	-	46
A Paradanta	1	-	-	-	9	3	39
Barcala	2	-	1	1	2	2	35
Allariz-Maceda	3	1	-	-	1	2	34
A Ulloa	-	-	1	-	2	2	26
Os Ancares	1	-	-	-	-	2	23
Muros	-	-	-	-	1	-	23
Meira	1	-	-	-	-	1	16
A Fonsagrada	-	-	-	-	1	2	14
Quiroga	-	-	-	-	4	-	13
Viana	-	-	-	-	-	-	13
A Baixa Limia	-	-	-	-	1	-	12
Terra de Trives	-	-	-	-	-	1	9
Terra de Caldelas	-	-	-	-	1	-	7
Galicia	654	234	103	252	2.069	1.422	15.315

Fonte: Ardán

2.3.9.

Xunto a estes cualificadores de distintos trazos da competitividade empresarial, Ardán analiza un total de 1.422 empresas galegas con certificación de calidade das que o 36,1% pertence ao grupo dos fabricantes. Dentro das actividades englobadas neste sector, cómpre destacar a construción e reparación de buques, os traballos de carpintería metálica, a fabricación de artigos plásticos diversos e a de estruturas de metal.

Se temos en conta a distribución comarcal, o **cadro 2.3.9.** reflicte que case catro de cada dez empresas analizadas por Ardán están emprazadas nas comarcas de Vigo e A Coruña (acollen o 29% da poboación e o 57,1% do VEB xerado polas empresas consideradas). Atendendo aos distintos cualificadores da competitividade, estas dúas comarcas acollen o 60% das empresas de alto rendimento e das empresas xeradoras de riqueza, así como preto da metade das empresas de alta produtividade.

Se a análise se estendese ás oito grandes comarcas galegas en termos de poboación (Vigo, A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra, Lugo e O Salnés), estas acollerían o 63% da poboación empadroada e o 68,3% das empresas, xerándose o 81% do VEB

xerado en Galicia. En canto aos indicadores da competitividade, máis de oito de cada dez empresas de alto rendemento e das empresas xeradoras de riqueza teñen a súa sede social nestas comarcas, estando emprazadas en torno ás tres cuartas partes das empresas de alta produtividade, empresas galegas con certificación e empresas exportadoras e case sete de cada dez empresas gacela.

Empresas de economía social

O número de sociedades cooperativas activas ou en funcionamento en Galicia a 31 de decembro de 2007 e o número de socios iniciais descendeu lixeiramente en relación á mesma data do ano anterior. En termos absolutos, o número de sociedades situouse nas 898 (20 menos que en 2006) e o de socios iniciais, de 8.189 persoas (43 socios menos). En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 3,5% das sociedades cooperativas e o 2,6% dos traballadores neste tipo de empresas. No último ano mantense a elevada concentración das sociedades cooperativas en tres comunidades autónomas, Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, que en conxunto acollen o 56,1% do total de cooperativas e o 49,8% dos traballadores.

A Coruña é a provincia con maior número de cooperativas, con 324 sociedades e 2.639 traballadores, o que implica unha media de 8 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 9 traballadores por sociedade (12 traballadores de media no conxunto do Estado). No último ano, tan só a provincia de Ourense presenta unha media superior á galega, con 13 traballadores por cooperativa.

En 2007 constituíronse en Galicia un total de 32 sociedades cooperativas, cun total de 668 socios iniciais, o que representou o 2,8% do total de cooperativas constituídas en España e o 7% dos socios. En relación ao ano anterior, cómpre salientar o descenso tanto do número de cooperativas constituídas, catro menos que en 2006, como de cooperativistas, con case 650 socios menos.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de “traballo asociado”, con 15 sociedades, por diante das nove correspondentes á vivenda e a cooperativas agrarias. En termos do número de cooperativistas, salientan as cooperativas de vivenda, que acollen máis de dous terzos dos socios iniciais.

A 31 de decembro de 2007, o número de sociedades laborais en España era de 19.701 empresas (SA e SL), 565 menos que na mesma data do ano anterior, concentrándose o 58% das sociedades e o 61,5% dos socios iniciais nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco e C. Valenciana. Galicia tiña 1.070 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (35 menos que no ano anterior), un 5,4% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 5.616 socios iniciais, o que representa o 4,5% dos socios no conxunto do Estado (124.784 socios iniciais) (**cadro 2.3.13.**)

Ao longo do ano 2007 medrou o número de sociedades laborais rexistradas e o seu número de socios. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 111 sociedades laborais (sete máis que en 2006), que agruparon a 391 socios (43 máis que no ano precedente). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 4,7% do total das sociedades laborais rexistradas e o 4,8% do socios iniciais destas sociedades.

O sector servizos acolle en torno ao 70% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (76 sociedades) e dos socios (272 socios iniciais). A diferenza do acontecido no ano anterior, no sector primario non se rexistrou ningunha sociedade laboral, incrementándose o seu número nos outros tres sectores non agrarios.

No concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 2.3.16.**, cómpre salientar que en Galicia, ao igual que no conxunto do Estado, case catro de cada dez persoas que traballan nestas sociedades son mulleres; que o 44,4% dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos, e case o 35%, entre 40 e 54 anos; e que un 85% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2006-07: número e traballadores

	2006				2007			
	Sociedades	CA / total (%)	Traballadores	CA / total (%)	Sociedades	CA / total (%)	Traballadores	CA / total (%)
Andalucía	5.644	22,1	64.079	20,2	5.565	21,6	62.422	19,7
Aragón	881	3,4	7.721	2,4	921	3,6	8.272	2,6
Asturias	286	1,1	3.394	1,1	287	1,1	3.601	1,1
Baleares	185	0,7	2.562	0,8	201	0,8	2.608	0,8
Canarias	390	1,5	6.302	2,0	380	1,5	6.118	1,9
Cantabria	94	0,4	1.364	0,4	89	0,3	1.312	0,4
Castela-A Mancha	1.480	5,8	12.958	4,1	1.541	6,0	12.757	4,0
Castela e León	1.493	5,8	11.290	3,6	1.486	5,8	11.270	3,5
Cataluña	5.712	22,4	39.483	12,4	5.621	21,9	39.499	12,4
C. Valenciana	3.152	12,3	57.369	18,1	3.247	12,6	56.148	17,7
Extremadura	734	2,9	7.145	2,3	734	2,9	6.935	2,2
Galicia	918	3,6	8.232	2,6	898	3,5	8.189	2,6
A Coruña	328	1,3	2.613	0,8	324	1,3	2.639	0,8
Lugo	167	0,7	1.068	0,3	163	0,6	1.075	0,3
Ourense	151	0,6	2.051	0,6	158	0,6	2.059	0,6
Pontevedra	272	1,1	2.500	0,8	253	1,0	2.416	0,8
Madrid	1.011	4,0	13.586	4,3	1.069	4,2	14.806	4,7
Murcia	1.623	6,4	18.651	5,9	1.663	6,5	18.152	5,7
Navarra	271	1,1	4.796	1,5	309	1,2	5.262	1,7
País Vasco	1.466	5,7	56.738	17,9	1.491	5,8	58.238	18,3
Rioxa	168	0,7	1.703	0,5	165	0,6	1.520	0,5
Ceuta e Melilla	47	0,2	433	0,1	47	0,2	433	0,1
Total	25.555	100	317.806	100	25.714	100	317.542	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.10.

Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2006-07: número e socios iniciais

	2006				2007			
	Sociedades	CA / total (%)	Socios iniciais	CA / total (%)	Sociedades	CA / total (%)	Socios iniciais	CA / total (%)
Andalucía	263	20,2	1.860	20,1	228	20,0	1.613	17,0
Aragón	72	5,5	548	5,9	50	4,4	283	3,0
Asturias	17	1,3	73	0,8	14	1,2	59	0,6
Baleares	6	0,5	23	0,2	15	1,3	63	0,7
Canarias	16	1,2	92	1,0	7	0,6	35	0,4
Cantabria	1	0,1	3	0,0	5	0,4	20	0,2
Castela - A Mancha	25	1,9	196	2,1	53	4,6	2.030	21,4
Castela e León	100	7,7	650	7,0	80	7,0	519	5,5
Cataluña	144	11,0	709	7,7	128	11,2	570	6,0
C. Valenciana	142	10,9	673	7,3	120	10,5	630	6,6
Extremadura	20	1,5	185	2,0	25	2,2	238	2,5
Galicia	36	2,8	1.315	14,2	32	2,8	668	7,0
A Coruña	-	-	-	-	3	0,3	31	0,3
Lugo	-	-	-	-	1	0,1	6	0,1
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	-	-	-	-	7	0,6	168	1,8
R.A. Galicia	36	2,8	1.315	14,2	21	1,8	463	4,9
Madrid	163	12,5	719	7,8	119	10,4	514	5,4
Murcia	164	12,6	815	8,8	149	13,1	637	6,7
Navarra	14	1,1	81	0,9	21	1,8	258	2,7
País Vasco	62	4,8	547	5,9	63	5,5	1.202	12,7
Rioxa	8	0,6	511	5,5	2	0,2	10	0,1
Ceuta e Melilla	5	0,4	21	0,2	1	0,1	7	0,1
Rexistro Central	46	3,5	216	2,3	28	2,5	135	1,4
Total	1.304	100	9.237	100	1.140	100	9.491	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.11.

Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 2006-07: distribución segundo clase

	2006						2007					
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios
Traballo asociado	-	-	-	-	-	-	-	-	10	43	10	43
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	-	-	-	-	-	-	-	-	6	439	6	439
Agrarías	-	-	-	-	-	-	-	-	15	638	15	638
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	4	186	4	186
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	1	11	1	11
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	-	-	-	36	1.317	36	1.317

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios
Traballo asociado	1	4	-	-	-	-	4	15	8	57	13	76
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	-	-	-	-	-	-	2	142	7	306	9	448
Agrarías	2	27	1	6	-	-	-	-	6	100	9	133
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	1	11	-	-	1	11
Total	3	31	1	6	-	-	7	168	21	463	32	668

Fonte: Dirección Xeral de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.**
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2006-07: número e traballadores

	2006				2007			
	Sociedades	Traballadores		Sociedades	Traballadores			
		CA / total (%)	CA / total (%)		CA / total (%)	CA / total (%)		
Andalucía	4.718	23,3	29.414	22,6	4.716	23,9	28.728	23,0
Aragón	717	3,5	2.989	2,3	637	3,2	2.984	2,4
Asturias	539	2,7	3.509	2,7	589	3,0	3.696	3,0
Baleares	230	1,1	1.130	0,9	211	1,1	1.100	0,9
Canarias	713	3,5	3.558	2,7	668	3,4	2.982	2,4
Cantabria	167	0,8	1.400	1,1	164	0,8	1.410	1,1
Castela -A Mancha	1.770	8,7	10.984	8,4	1.798	9,1	10.426	8,4
Castela e León	998	4,9	5.285	4,1	986	5,0	4.833	3,9
Cataluña	1.946	9,6	12.331	9,5	1.779	9,0	10.883	8,7
C. Valenciana	1.852	9,1	11.464	8,8	1.755	8,9	10.604	8,5
Extremadura	488	2,4	3.064	2,4	480	2,4	3.026	2,4
Galicia	1.105	5,5	6.065	4,7	1.070	5,4	5.616	4,5
A Coruña	342	1,7	1.975	1,5	320	1,6	1.770	1,4
Lugo	201	1,0	879	0,7	187	0,9	869	0,7
Ourense	161	0,8	616	0,5	158	0,8	589	0,5
Pontevedra	401	2,0	2.595	2,0	405	2,1	2.388	1,9
Madrid	2.270	11,2	13.279	10,2	2.147	10,9	13.012	10,4
Murcia	1.106	5,5	7.526	5,8	1.100	5,6	7.294	5,8
Navarra	498	2,5	4.057	3,1	496	2,5	4.135	3,3
País Vasco	1.062	5,2	13.693	10,5	1.023	5,2	13.561	10,9
Rioxa	74	0,4	420	0,3	69	0,4	422	0,3
Ceuta e Melilla	13	0,1	72	0,1	13	0,1	72	0,1
Total	20.266	100	130.240	100	19.701	100	124.784	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.13.

Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 2006- 07: número e socios iniciais

	2006				2007			
	Sociedades	Socios iniciais		Sociedades	Socios iniciais			
		CA / total (%)	CA / total (%)		CA / total (%)	CA / total (%)		
Andalucía	610	25,8	2.185	26,0	668	28,5	2.346	28,7
Aragón	79	3,3	279	3,3	66	2,8	223	2,7
Asturias	96	4,1	336	4,0	132	5,6	457	5,6
Baleares	24	1,0	88	1,0	29	1,2	114	1,4
Canarias	47	2,0	165	2,0	80	3,4	271	3,3
Cantabria	17	0,7	63	0,7	8	0,3	27	0,3
Castela - A Mancha	109	4,6	368	4,4	200	8,5	700	8,5
Castela e León	131	5,5	472	5,6	100	4,3	366	4,5
Cataluña	279	11,8	956	11,4	214	9,1	730	8,9
C. Valenciana	246	10,4	869	10,3	209	8,9	752	9,2
Extremadura	59	2,5	228	2,7	42	1,8	155	1,9
Galicia	104	4,4	348	4,1	111	4,7	391	4,8
A Coruña	25	1,1	83	1,0	20	0,9	71	0,9
Lugo	18	0,8	61	0,7	16	0,7	54	0,7
Ourense	21	0,9	70	0,8	21	0,9	67	0,8
Pontevedra	40	1,7	134	1,6	54	2,3	199	2,4
Madrid	273	11,5	967	11,5	227	9,7	813	9,9
Murcia	170	7,2	584	6,9	145	6,2	496	6,1
Navarra	51	2,2	218	2,6	40	1,7	40	0,5
País Vasco	71	3,0	274	3,3	66	2,8	290	3,5
Rioxa	2	0,1	8	0,1	4	0,2	17	0,2
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	2.368	100	8.408	100	2.341	100	8.188	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.14.

Sociedades laborais rexistradas 2006-07: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2006		2007		2006		2007	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Agrario	3	9	-	-	29	107	19	61
Non agrario	101	339	111	391	2.339	8.301	2.322	8.229
Industria	10	32	16	56	379	1.400	324	1.245
Construción	18	65	19	63	575	1.979	576	1.996
Servizos	73	242	76	272	1.385	4.922	1.422	4.988
Total	104	348	111	391	2.368	8.408	2.341	8.290

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.15.

Traballadores da economía social en alta laboral na Seguridade Social 2007 ⁽¹⁾ en Galicia e España

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
Distribución segundo sexo						
Varóns	61,0	57,5	60,7	63,8	62,7	59,2
Mulleres	39,0	42,5	39,3	36,2	37,3	40,8
Distribución segundo idade						
Menores de 25 anos	9,0	9,3	10,6	5,2	10,3	10,7
De 25 a 39 anos	44,4	43,3	47,1	41,3	46,0	45,9
De 40 a 54 anos	34,9	34,9	33,6	40,3	32,3	33,5
De 55 anos ou máis	11,7	12,5	8,6	13,3	11,3	9,9
Distribución segundo lugar de orixe						
España	97,6	98,4	97,5	97,7	96,8	90,4
Estranxeiro	2,4	1,6	2,5	2,3	3,2	9,6
Distribución dos traballadores segundo tipo de relación						
Indefinida	72,5	69,4	74,7	82,2	68,8	68,4
Temporal	27,5	30,6	25,3	17,8	31,2	31,6
Distribución segundo tipo de xornada						
Tempo completo	85,2	83,1	85,4	92,2	83,0	84,7
Tempo parcial	14,8	16,9	14,6	7,8	17,0	15,3
Distribución segundo antigüidade						
Ata 6 meses	19,7	20,8	18,3	10,6	24,0	34,9
De 6 meses a un ano	9,7	11,4	8,4	6,4	10,6	10,7
De 1 a 3 anos	22,9	22,9	24,7	20,5	23,5	19,9
De 3 a 5 anos	11,4	11,3	13,9	10,0	11,0	9,9
Máis de 5 anos	36,3	33,6	34,7	52,5	31,0	24,6
Distribución segundo tamaño de sociedade						
0-5 traballadores	23,7	23,2	34,4	18,4	22,7	
6-10 traballadores	17,6	21,1	19,0	9,8	18,1	
11-25 traballadores	20,4	27,3	16,6	12,8	19,7	
26-50 traballadores	12,2	12,9	8,8	9,5	14,3	
51-100 traballadores	9,9	4,2	12,0	5,9	16,0	
101-250 traballadores	8,1	10,7	8,2	2,4	8,8	
Máis de 250 traballadores	8,1	0,6	1,1	41,2	0,3	
Distribución segundo sector						
Agricultura	6,6	3,5	8,2	18,2	2,2	
Industria	27,8	25,0	24,2	36,9	26,7	
Construción	13,8	12,4	12,2	11,3	17,2	
Servizos	51,8	59,2	55,3	33,7	54,0	

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.16.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Asemade, pódese destacar que o 47,7% dos traballadores galegos –excluídos os autónomos– mantén unha relación superior a tres anos (34,5% de media no conxunto do Estado) e que un 19,7% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (34,9% en España). Galicia salienta polo reducido tamaño das sociedades de economía social, xa que no 41,3% das sociedades traballan menos de 10 persoas (53,4% nas sociedades de Lugo), e tan só no 16,2% das mesmas hai máis de cen traballadores (43,6% en Ourense). ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.